

RESOLUCIÓN do 7 de novembro de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, pola que se da publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 6 de novembro, o tribunal nomeado pola Orde do 3 de outubro de 2018 (DOG núm. 195, do 11 de outubro), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Que de acordo co recollido no ANEXO III, o primeiro exercicio: proba de avaliación dos coñecementos, consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán amosar o dominio dos contidos do temario. O Tribunal acorda incluír no cuestionario, para o caso de que se decida a anulación dalgunha pregunta, 10 preguntas de reserva, polo que se lle concederá ós aspirantes 12 minutos máis para a contestación do cuestionario.

Segundo.- Que se concederán dous días para presentar alegacións as preguntas do cuestionario, a contar dende o seguinte ao da publicación do cadro de respostas correctas na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública. Para axilizar a súa resolución, ponse a disposición dos opositores/as unha dirección de correo electrónico pola que adiantar copia do escrito: tribunal-policiallocal.agasp@xunta.gal

Terceiro.- Que para a realización da terceira proba serán convocados os 120 opositores que resulten aprobados con mellor nota na proba de avaliación dos coñecementos. No caso de existir un empate no posto 120º, incluíranse todos os aspirantes coa mesma nota.

Cuarto.- A proba de galego realizarana todos aqueles aspirantes que resulten aprobados na proba de avaliación dos coñecementos e que non tivesen acreditado o nivel CELGA 4 ou equivalente.

A Estrada, 8 de novembro de 2018.

Luis Miguez Macho

Presidente do tribunal